

ANUNCIO DA 10.^a QUENDA DOS "CAMPAMENTOS A LANZADA" 2024

A entrada e a saída do campamento faranse de forma gradual, de acordo co seguinte:

✚ Data de entrada: domingo 25 de agosto de 2024

▪ HORARIO E ORDE DE ENTRADA POR APELIDO:

- 1.º De Abal a Del Rio, de 16:00 a 16:25 horas
- 2.º De Diz a Isorna, de 16:30 a 16:55 horas
- 3.º De Lago a Pregal, de 17:00 a 17:25 horas
- 4.º De Queiro a Viñuela, de 17:30 a 18:00 horas

✚ Data de saída: sábado 31 de agosto de 2024

▪ HORARIO E ORDE DE SAÍDA POR APELIDO:

- 1.º De Abal a Del Rio, de 10:00 a 10:25 horas
- 2.º De Diz a Isorna, de 10:30 a 10:55 horas
- 3.º De Lago a Pregal, de 11:00 a 11:25 horas
- 4.º De Queiro a Viñuela, de 11:30 a 12:00 horas

Poderase acceder ao recinto en coche, pola segunda entrada, na estrada en dirección cara a San Vicente. Unha monitora ou monitor indicará o lugar de entrada e saída.

Prégase **puntualidade** á hora de recoller aos menores, e que se teña en conta a conxestión de tráfico nesta época do ano. A partir das 12:00 horas, o equipo de monitorado xa **non** estará nas instalacións da Lanzada.

✓ **Importante:**

É OBRIGATORIO LEVAR A TARXETA SANITARIA OU A DO SEGURO PRIVADO DA NENA OU NENO

❖ **Peticións de compartir tenda:**

As solicitudes para compartir tenda poden presentarse ata o mércores ás 13:00 horas enviando un correo electrónico a xuventudereto@depo.es no que se indique o nome completo das ou dos menores que desexen compartir tenda.

Para que conste a vontade conxunta de todas as partes implicadas, a nai, pai, titora ou titor legal de cada menor interesada ou interesado deberá enviar o correo electrónico coa solicitude.

Debe terse en conta que cada tenda estará conformada por tres menores do mesmo sexo.

❖ **Incidencias:**

Se por algunha causa xustificada a nena ou neno non puidese chegar no horario indicado, a nai, pai, titora ou titor legal deberá comunicalo previamente enviando un correo electrónico a xuventudereto@depo.es e indicar o motivo e a hora de chegada prevista.

Se a nai, pai, titora ou titor legal non puidese levar ou recoller a nena ou neno, deberá achegar unha autorización debidamente asinada, na que se indicarán o nome completo e o DNI da persoa autorizada para estes efectos. Terá que enviar este documento por correo electrónico a xuventudereto@depo.es e entregarllo á directora ou director do campamento o día de entrada ou de saída.